

Convocatoria do 13 de maio de 2022, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas para a organización de congresos e reunións científicas

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular a concesión, en réximen de publicidade, obxectividade e concurrencia competitiva, de axudas destinadas á organización, pola Universidade de Santiago de Compostela, de congresos e reunións científicas.

SEGUNDA. Beneficiarios/as das axudas

Poderán beneficiarse das axudas convocadas o profesorado universitario con vinculación permanente coa USC, así como o persoal investigador doutor con relación contractual coa USC, membro dun grupo de investigación da USC, sempre que a súa vinculación exténdase previsiblemente ata a finalización da actividade proposta.

As persoas solicitantes deberán pertencer ao comité organización do evento e estar integrado/a nun grupo de investigación dado de alta no rexistro de grupos da USC.

TERCEIRA. Modalidade das axudas

As axudas están destinadas á financiación, total ou parcial, da organización de congresos e reunións científicas nas modalidades seguintes:

Congresos

Considéranse congresos aqueles eventos científicos que implican unha convocatoria aberta para a presentación de ponencias e/ou comunicación.

Terán a consideración de congresos Internacionais aqueles congresos que estean respaldados por unha asociación ou sociedade internacional, cando ao menos un 30% das charlas sexan impartidas por ponentes Internacionais ou cando o comité científico esté formado na súa maioría por persoas investigadoras estranxeiras.

Reunións científicas

Consideraranse reunións científicas aquelas reunións de traballo que non conlevar unha convocatoria aberta para a presentación de contribucións científicas, e que polo xeral teñen un ámbito máis especializado que os congresos e máis restrinxidas en canto aos asistentes.



Terá a consideración de reunión científica internacional cando se cumpla algunha das seguintes condicións:

- Estar respaldados por unha asociación ou sociedade científica internacional.
- Contar cun comité científico formado na súa maioría por investigadores internacionais ou incluír, polo menos, un 50% de ponentes internacionais.

CUARTA. Natureza e contía das axudas

4.1. Poderán ser obxecto de financiación aqueles congresos e reunións científicas que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de outubro de 2022.

4.2. O financiamento da presente convocatoria efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050.2711.64300, do orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2022, e estarán cofinanciadas no marco do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de novas accións de I+D+i entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidades e a USC para o ano 2022.

4.3. O importe máximo destinada a esta convocatoria ascende a 160.000 euros.

4.4. As axudas poderán financiar total ou parcialmente os custes da organización. As axudas serán compatibles con outras aportación, calquera que sexa a súa natureza e a entidade financiadora, sempre que conxuntamente non superen o custe total da actuación a desenvolver.

4.5. A persoa solicitante deberá declarar todas as axudas que teña obtido para financiar a actividade, aceptados as minoración aplicables para o cumprimento do párrafo anterior.

4.6. A contía máxima financiable nesta convocatoria para cada unha das modalidades de eventos é a seguinte:

- Congresos Internacionais: 10.000 euros
- Congresos e Reunións Científicas Internacionais: 6.500 euros
- Reunións Científicas: 3.500 euros.

QUINTA. Conceptos susceptibles de axuda

As axudas destinarane a cubrir os gastos vinculados á organización do evento necesarios para o seu correcto desenvolvemento, executados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de novembro de 2022, tales como:

- -Accións de comunicación



- -Material de oficina
- -Edición e publicación de ponencias ou conclusións
- -Desprazamento e estadía de ponentes
- -Remuneración de ponentes
- -Aluguer de instalacións e equipos
- -Servizo de catering durante as sesións do congreso ou reunión científica
- -Servizos de interpretación
- -Servizos de apoio á organización do congreso ou reunión científica

Con cargo a financiación obtida nesta convocatoria non serán financiados: agasallos e atención protocolaria, remuneración a persoal da USC, material inventariable, material fungible, salvo material de oficina, tampouco será financiable ningún gasto que supere o prezo de mercado.

SEXTA. Formalización e prazo de presentación das solicitudes

6.1. As solicitudes deberán presentarse a través do formulario habilitado pola área de investigación, indicando os seguintes datos:

- Órgano ao que vai dirixida: Vicerreitoría de Política Científica
- Asunto da solicitude: Axudas para a organización de congresos e reunións científicas
- Expón que: indicar a modalidade de evento e o código do grupo de investigación ao que pertence a persoa solicitante.
- Solicita: participar na convocatoria de axudas.

Deberase presentar unha memoria da actividade a realizar, que fará referencia de forma breve aos seguintes apartados:

- a) Descrición do evento (obxecto, lugar de celebración, modalidade...) e xustificación do interese científico-técnico da reunión.
- b) Programa científico do evento, debendo sinalarse no caso dos eventos Internacionais o número de ponentes Internacionais previstos e a procedencia dos mesmos.
- c) Relación de membros do comité organizador
- d) Información relativa á participación de asociación ou sociedades científicas na financiación, soporte ou organización do evento, que se acreditará mediante carta ou calquera outra expresión de interese que se acompañará á documentación.
- e) Previsión do número de asistentes.
- f) Orzamento global estimado, con detalle das partidas de gastos e ingresos previstas e o destino da axuda solicitada.

6.2. O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación da convocatoria e rematará o día **30 de setembro de 2022**, salvo no caso de que o orzamento ao que se refire a cláusula cuarta “Natureza e contía das axudas” quedara esgotada nunha data anterior ao do remate do prazo de solicitudes. Nese caso farase público na **web da Vicerreitoría de Política Científica**.

[ENLACE AO FORMULARIO DA SOLICITUDE](#)

SÉTIMA. Instrucción do procedemento

7.1. O órgano encargado da instrucción do procedemento será a Vicerreitoría de Política Científica, que realizará de oficio toda a actuación necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba resolverse cada solicitude.

7.2. Unha vez recibida unha solicitude si a mesma non incorporara toda a información esixida nesta convocatoria requirirase ao solicitante para que, no prazo máximo de dez días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido na súa petición.

OITAVO. Financiación, selección e causas de exclusión

8.1. As solicitudes serán financiadas nas cantidades fixadas nesta convocatoria para cada modalidade, como máximo, e ata a finalización do orzamento dispoñible, sempre que:

- a) Cumpran os requisitos formais fixados na convocatoria
- b) O nivel académico do congreso ou reunión científica para o que se solicita financiación teña a categoría científica esixible a un evento de carácter universitario

8.2. A instrución do procedemento desta convocatoria correspóndelle á Vicerreitoría de Política Científica que realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba resolverse cada solicitude.

Unha vez recibida unha solicitude se a mesma non incorporara toda a información esixida nesta convocatoria requirirase á persoa solicitante para que, no prazo máximo de 5 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido na súa petición.

NOVENA. Concesión das axudas

As propostas de financiamento publicaranse na web da Vicerreitoría de Política Científica nos primeiros 15 días de cada mes.



DÉCIMA. Dotación económica das axudas

A Vicerreitoría de Política Científica procederá a incorporar a axuda recibida por cada actividade na partida orzamentaria aberta para a xestión económica da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA. - Xustificación

10.1.-O prazo para realizar a xustificación será dentro do mes seguinte ao da finalización do evento, e en todo caso, sempre antes do **15 de novembro de 2022**, a persoa investigadora responsable do mesmo deberá remitir á Área de Promoción e Proxectos Internacionais un **breve informe final** no que se reflecta o grado de cumprimento das actividades programadas e os resultados obtidos, no que deberá recollerse expresamente os seguintes puntos:

- Número final de inscricións (no caso de congresos), ou de ponentes (no caso de reunións científicas).
- Material de difusión, copia de publicacións realizadas.

O informe final indicará, de ser o caso, o desvío producido entre a información detallada na proposta e os datos reais finais.

10.2.- En ningún caso se poderá prorrogar os prazos para a realización dos eventos financiados, nin para a execución de gastos ou presentación de documentación xustificativa.

A falta de cumprimento dos prazos establecidos nesta convocatoria derivará na perda da axuda.

DÉCIMO SEGUNDA. - Publicidade

A Vicerreitoría de Política Científica facilitará a forma na que se deberá mencionar o apoio financeiro da Consellería de Cultura, Educación e Universidades en todo o material de divulgación relacionado coas actividades financiadas, así como os logotipos que deberán figurar no material de divulgación.

Os organizadores dos eventos estarán obrigados a facer constar o apoio financeiro da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

DÉCIMO TERCEIRA.- Participación de cidadáns procedentes da Federación Rusa e da República Bielorusa.

A participación de cidadáns procedentes da Federación Rusa ou da República Bioelorusa será a título persoal sen filiación nacional.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Por delegación do Reitor
(RR do 21/04/2022, DOG 26/04/2022)
O Vicerreitor de Política Científica
Vicente Pérez Muñuzuri



Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, VICERREITOR DE POLITICA CIENTIFICA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/05/2022 12:43:52.

CSV: 07FA-5DFA-4844-8809